

CIENCIAS NATURAIS 4º: BLOQUES DE PREGUNTAS

Para a tarefa de hoxe nós queremos que solucionedes o que manda cada caixa:

Escribe os números 1-2-3-4 segundo estas oracións cumplan o proceso da fotosíntese dunha planta.

-O zume bruto ascende ata as follas.
-O zume elaborado repártese por toda a planta.
-A raíz absorbe do solo auga e sales minerais.
-As follas toman do aire o dióxido de carbono, que, xunto co zume bruto e a luz do sol, trasfórmase en zume elaborado.

Relaciona con frechas cada parte das flores coa súa descrición.

Pétalos	Follas de cor verde
Estames	Follas de vistosas cores
Sépalos	Parte feminina da flor
Pistilo	Parte masculina da flor

Escribe a que REINO pertence cada un dos seguintes seres vivos

- Amendoeira
- Bacteria
- Champiñón
- Mexillón
- Piñeiro
- Canguro

Escribe VERT. OU INVERT. segundo estos animais sexan vertebrados ou invertebrados

Lagarta.....	Escaravello.....	Cabalo.....	
Cherna.....	Formiga.....	Avestruz.....	
Caracol.....	Lombriga.....	Medusa.....	Ra.....

Arrodea os hábitos que forman parte dunha dieta equilibrada

- a. Realizar 5 comidas diarias.
- b. Comer rápido e mastigar pouco.
- c. Tomar 5 racións de froita e verdura ao día.
- d. Almorzar alimentos que acheguen enerxía.

Relaciona con frechas cada nutriente cos alimentos que os conteñen

Proteínas	Froita
Vitaminas	Aceite
Graxas	Cereais
Glicidos	Carne e peixe